

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*RESOLUCIÓN do 10 de febreiro de 2016 pola que se convoca unha xornada sobre a loita administrativa e xudicial contra o narcotráfico.*

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2016 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, convócase unha xornada sobre «A loita administrativa e xudicial contra o narcotráfico», conforme as seguintes bases:

##### 1. Obxectivos.

Entre os obxectivos principais desta xornada podemos destacar os seguintes:

– Analizar a problemática social do narcotráfico e abordar os medios para combatelo administrativa e xudicialmente.

– Fomentar a coordinación das actuacións e a cooperación institucional, promovendo unha abordaxe integral na loita contra o narcotráfico.

– Favorecer a intensificación dos esforzos na loita administrativa e xudicial contra a produción, distribución e consumo ilícitos de drogas.

– Debater sobre posibles vías para paliar esta problemática.

##### 2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

– A oficina de recuperación de activos.

– A oficina de recuperación e xestión de bens mobles.

– O comiso no novo Código penal.

##### 3. Destinatarios.

Empregados das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, das universidades do Sistema Universitario de Galicia, persoal das entidades do sector público, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.



#### 4. Desenvolvemento.

Lugar: EGAP, salón de actos. Rúa Madrid, 2, 4, Santiago de Compostela.

Data: 26 de febreiro de 2016.

Horario: mañá e tarde.

Duración: 4 horas lectivas.

#### 5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

#### 6. Inscripción.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.es/matricula/>.

O prazo para inscribirse estará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o 24 de febreiro de 2016.

Poderá obterse calquera outra información, das 8.30 ás 14.30 horas, nos teléfonos: 981 54 62 41-981 54 62 39.

#### 7. Modificacións.

A EGAP se reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento desta xornada, así como a facultade de cancelala se o escaso número de solicitudes non xustifica a súa realización.

#### 8. Certificado de asistencia oficial.

Ao final da xornada entregarase un certificado de asistencia a aquelas persoas inscritas que tivesen participado asiduamente e sempre que a súa asistencia fose igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data, o lugar de realización da xornada e o selo oficial da institución.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2016

Sonia Rodríguez-Campos González  
Directora da Escola Galega de Administración Pública

